

ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA TRAMPOLÍN

OURENSE, 17/01/2024

1. TECNIFICACIÓN 2024.

O orzamento aprobado na Asamblea co que se contará para 2024 será de 4.000 €. Dito orzamento está suxeito a presentación e realización do seguinte proxecto de tecnificación, presentado por Pablo Hinojar, e acordado polo Comité autonómico:

Antecedentes: Este ano 2024 non se celebrará o Campionato do Mundo por Idades de Trampolín, ao ser ano olímpico, pero sí o Campionato de Europa Junior e Senior de Trampolín, no cal teñen previsto participar varios ximnastas galegos se acadan a clasificación.

Proposta: Que os ximnastas junior e senior seleccionados para participar no Campionato de Europa de Trampolín teñan cubertos tódolos gastos derivados da súa preparación previa para asistir ao mesmo. Estes gastos corresponden a sesións co fisioterapeuta, preparadores físicos, psicólogo, asistencia a concentracións, etc. Os gastos de participación no evento serán sufragados pola RFEG, como habitualmente.

Os deportistas candidatos a obter praza para o Campionato de Europa nos diferentes aparellos son os que seguen:

- Categoría Senior: Melania Rodríguez, Aintzane Dapena, Lidia Farrapeira, Alejandra Braña, Noa Puente-Dodd, Saúl Rodríguez, Adrián Soliño, Lucía Pereira, Esther Pacheco.
- Categoría Junior: Uxía Rodríguez, Pablo Martínez, Olalla Montenegro, Mateo Rodríguez, Daniel Imray, Claudia Blanco, Uxía Blanco.

A lista definitiva de seleccionados que formarán o equipo nacional publicarase a finais de febreiro.

Xustificación de gastos: Tódolos gastos deberán ser xustificados ca correspondente factura acreditativa do mesmo para poder ser abonados con cargo a tecnificación.

Respecto a este punto, fai constar Pablo Hinojar que non lle parece xusto o reparto da Tecnificación de Trampolín con respecto ao resto de modalidades de ximnasia poste o a modalidade de trampolín é a única que conta na actualidade con ximnastas participantes ca selección española a nivel internacional. A este respecto respóstaselle que se tratará de crear un sistema de valoración de criterios para establecer un reparto o mais obxectivo posible da tecnificación.

2. NORMATIVA MÁSTER 2024.

Unha vez recibido o borrador da Normativa Máster 2024 débátese entre os asistentes a idoneidade das normas de participación recollidas acordándose facer unha modificación en relación a idade mínima dos participantes así como na inscrición nos distintos niveis, recollida na normativa adxunta a este acta.

Dita competición celebrarase coincidindo co Campionato e Copa Escolar.

3. SUXERENCIAS E PREGUNTAS

Trala petición realizada por Isaura Hermida, en beneficio dos ximnastas participantes, acórdase modificar as categorías por idade da normativa Escolar de Trampolín 2024, os cambios figuran recollidos na normativa adxunta a esta acta.